

EDICIÓN ■ Nunha xornada organizada en colaboración co Consello da Cultura Galega ■ Borja de Riquer imparte un relatorio sobre Vicens Vives

A AELG reúne críticos vascos, galegos, casteláns e portugueses

A Sección de Crítica da Asociación de Escritores en Lingua Galega (AELG), en colaboración co Consello da Cultura Galega, celebra hoxe a II Xornada da Crítica Galega, baixo o epígrafe *A crítica e a Literatura Infantil e Xuvenil*.

O encontro celebrarase no Salón de actos do Consello da Cultura Galega, no 2º andar do Pazo de Raxoi en Compostela. Dirixido a todas aquelas persoas relacionadas co mundo da crítica literaria e coa cultura galega en xeral, contará con representantes da crítica ga-

lega, vasca, castelá e portuguesa. O acto de inauguración, previsto para as 10:30 horas, contará coa presenza de Ramón Villares, presidente do Consello da Cultura Galega; Cesáreo Sánchez, presidente da AELG e Blanca-Ana Roig, en representación da Sección de Crítica da AELG.

Pola mañá haberá dúas conferencias: *A crítica literaria académica da Literatura Infantil e Xuvenil galega*, a cargo de Isabel Mocifio González (Universidade de Santiago) e *A crítica do libro infantil e xuvenil na prensa*, que dictará Xosé Manuel

Eyré (Comisión Executiva da Sección de Crítica)

No serán celebrarase unha mesa redonda sobre *A Literatura Infantil e Xuvenil na crítica literaria ibérica*, con participación de José Antonio Gomes (Escola Superior de Educação do Instituto Politécnico do Porto); Mari Jose Olaziregui (Universidade do País Vasco); Mª Victoria Sotomayor (Universidade Autónoma de Madrid) e Caterina Valriu (Universidade das Illas Baleares)

A xornada finalizará cun debate entre todos os asistentes, moderado

por Mar Fernández (Universidade de Santiago) e Ana Margarida Ramos (Universidade de Aveiro).

O Consello da Cultura Galega tamén participa, por outra banda, na organización dun relatorio que hoxe ofrecerá o catedrático de Historia Contemporánea da Universitat Autònoma de Barcelona Borja de Riquer sobre a figura de Vicens Vives. O acto desenvolverse a partir das 12:00 horas na Facultade de Historia da Universidade de Santiago. Jaime Vicens Vives, considerado un dos pais da historiografía en España, realizou estudos sobre a Cataluña da Baixa Idade Media.

Catedrático de Historia Moderna da Universidade de Barcelona desde 1940, logrou conectar a historiografía española coas novas correntes historiográficas europeas, en particular a Escola de Annales. Entre os seus discípulos atópanse Jordi Nadal, Joan Reglà, Emili Giralt ou Pedro Voltes. ● **REDACCIÓN**

MARÉ